

CORO DE LA ABODEGA DE CANDÁS ASTURIAS

O “Coro de la Bodega” constitúese no mes de abril do ano 2013. Nace por iniciativa de J. Ramón González Muñiz. O nome de “Coro de la Bodega” ponse como homenaxe ás persoas traballadoras nas fábricas de conserva, popularmente coñecidas, en Candás, como Bodegas.

A súa presentación en público faise o 14 de setembro de 2013, festividade do Stmo. Cristo de Candás, cun concerto na praza da Baragaña. As cancións interpretadas nesta ocasión, foron temas populares de Candás. Para as seguintes actuacións xa se prepararon habaneras a catro voces: Yo quiero ser Marinero; La golondrina, La playa del querer, etc. Hoxe en día teñen un amplo repertorio de polifonía de varias épocas e estilos.

Desde a súa fundación, o “Coro de la Bodega” realizou 128 actuacións: Sendo as máis importantes:

Abril/ 2017 Basílica de San Isidoro en León (Día Castilla-León)
Maio 2017 Porto Novo (Pontevedra) Día das Letras Galegas.
Outubro/2017 Catedral de Burdeos. (Misa y Concierto)
Agosto 2018 Basílica de Covadonga (Centenario Jubilar)
Setembro 2018 Clausura del X congreso Mundial de Bioética.
Novembro 2018 Misa solemne en el Vaticano (Roma)
Decembro 2019 Concerto de Adviento Ayuntamiento de Viena.
Outubro 2021 Catedral de Saint Sulpice Paris
Decembro/2021 Concerto en Salamanca Iglesia de la Vera Cruz
Outubro 2022 Catedral de San Sebastián.

Desde a súa fundación o seu Director é: J.Salvador Cuervo Fdz.



CORAL POLIFÓNICA ESTRADENSE

A Coral Polifónica estradense nace no ano 1996 baixo a dirección de Xabier Comesaña Pereira e fai a súa presentación en xullo do 97. A partir desa data comeza a ofrecer concertos por toda a xeografía galega destacando pola súa progresión técnica e a variedade do seu repertorio.

Hai que resaltar a participación en programas de radio e televisión galegas, actuando recentemente nun programa especial da TVG, dedicado a Juan Pardo. Tamén foi seleccionada a participar en varias edicións do programa “Galicia Cantat” organizado polo IGAEM.

Participa en varias ocasións na misa en lembranza de Rosalía de Castro en San Domingos de Bonaval, facendo a súa última actuación o 25 de xullo do 2023.

Colabora co Xacobeo 2004 ofrecendo varios concertos no veciño Portugal; actúa no Pazo da Unesco, en París con motivo dun encontro internacional de canto coral. Realiza unha xira por Europa actuando en Xenebra e participando tamén nun festival coral en Praga, compartindo escenario con corais alemanas

italianas, irlandesas, suizas, checas e francesas. Con motivo do centenario da estrea do himno galego, viaxa a La Habana e actúa no Centro Galego e en diversas asociacións galegas e institucións cubanas. En lembranza desta visitas, Xabier Constanza compón una habanera en galego “Cen anos hai” con letra de Xosé M^a Lema, compoñente da coral.

Ten editados catro CDs. con acompañamento da Coral Polifónica de Soutomaior e a Banda de Música Municipal da Estrada.

A actividade musical da Coral Polifónica Estradense non se reduce aos concertos “a capela “. Co acompañamento da Coral de Soutomaior e o pianista Alejo Amoedo, xunto co contrabaixista Ángel Vidal, ofrece periódicos espectáculos de ópera e zarzuela .

Na actualidade conta con 30 compoñentes e seu director é Xabier Comesaña Pereira.



CORAL POLIFÓNICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Fúndase en marzo de 1996 e está composta por 45 voces mixtas, o seu repertorio inclúe música sacra, popular galega, habaneras, polifonía en castelán, panxoliñas...

Ten no seu haber numerosas actuacións a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional. Na nosa comunidade a coral polifónica de Monforte actuou en Ribadeo, Cee, Marín, Ourense, Pontedeume, O Grove, Mondoñedo, Lugo, Vigo, Pontevedra, etc...Así como en distintas partes do Estado como en León, Zamora e en varias localidades Asturianas como Cudillero, Villaviciosa, Mieres, La Felguera, etc..

Destacan a nivel internacional actuacións en Martigni (Suiza), Rennes (Francia), Cerdeña, Bolzano e Padua (Italia), Gotha (Alemania), Helsibor (Suecia), Oporto e Guimaraes (Portugal).

No ano 1999 gravou un CD de polifonía variada.

A dirección da coral corre a cargo de Fernando Sanmartino Pérez. Na actualidade compaxina a dirección da Coral coa de director do Conservatorio Municipal “Mestre Ibáñez” de Monforte de Lemos.

